

TAREFAS QUE PODEMOS FACER NA CASA NESTA DERRADEIRA SEMANA DO TRIMESTRE.

LECTOESCRITURA:

- Lede contos suxerencias:

- MAGO ROSA : escoitar o conto, falar das características do protagonista, facer o debuxo , e fixarse na palabra MÁXICA , e que pasa se lle damos a volta, pensar en outras palabras máxicas, xogar a darlle a volta os nosos nomes, a palabras que nos gusten por exemplo: SOPA- APOS. Enlace: <https://youtu.be/qTfGJnxBmlk> .

-CONTO SOBRE O CORONAVIRUS. Enlace: <https://www.yumpu.com/es/document/read/63156813/coronavirus-no-es-un-principe-ni-una-princesa>.

- BINGO DOS NOMES: preparede tarxetas- cartóns de bingo con vosos nomes e cos nomes da vosa familia, pedriñas de cores, botóns ou fabas por exemplo e outras tarxetas pequenas e en cada unha escribiredes cada nome para poder meter nunha bolsiña ou caixa, repartide os cartóns e un encargarse de ir sacando nomes, o resto de participantes terá que estar moi atento e ir tapando os nomes coas pedriñas aquel acade tapar tódolos nomes do seu cartón terá que cantar "BINGO". Este xogo pódese complicar máis en función da etapa na que se atope cada neno ou nena, por exemplo poñer os nomes en minúscula, empregar nomes de froitas se xa saben leer, e para os máis pequenos pódese empezar cos nomes dos nenos e o de papá e mamá e irmáns.

EXPRESIÓN ORAL:

- Seguíde falando e compartindo moito en familia

- Escoitade cancións e contos

- Xoga A INVENTAR PALABRAS.

- Repite retahílas de tradición oral que che poidan decir os teus avós e avoas, por exemplo. "cuco de maio, cuco de abril, cóntame os anos que vou vivir". Ponlle ritmos distintos, xoga coas palmas,...

LÓXICO-MATEMÁTICA:

- Conta no calendario o día no que te atopas como cando facemos as rutinas do encargado.

- Axuda na casa a **clasificar** por cores, tamaños, ou os dous criterios á vez e **emparellar** os **CALCETÍNS**: conta cantos hai, se podes facer parellas con eles, se son pares, cantas parellas, podes incluso facer series.

- Xoga coas CARTAS: traballa a recta numérica, secuencia numérica, clasifica os paus da baralla, recoñece as grafías dos números e agrupa todas as da mesma grafía, ordena de maior a menor, xoga a adiviñar o número que ven antes da carta que che da papá ou mamá, o

que ven despois,...

CIENCIA E COCIÑA:

- ARCO DA VELLA CON LACASITOS : precisas un plato, lacasitos ou silimares e un pouquiño de auga. Enlace: <https://youtu.be/NWKn0I2PP1c>. Traballamos a despigmentación

- Escoller unha receita e intentar facer pan.Reto

- Video sobre a contaminación:"El AUGA". Enlace: https://youtu.be/S_SaCPa1Zkg

ARTE:

-Crea con material de refugallo unha cara

- Inspirándote no conto do mago fabrica un sombreiro de mago e fai algún truco de maxia para a túa familia. Suxerencia: truco de Luis Piedrahita. Enlace: <https://www.facebook.com./354449604688234/posts/2149750825158094>.

MOTRICIDADE:

- Xogar coas sombras das mans.

- Traballar a motricidade fina coas pinzas da roupa: axudar na casa a tender prendas de roupa pequena. Ou facer construcións coas pinzas a cuestión só é botarlle imaxinación.

- loga para nenos/as.